



Cemiterio Municipal de San Froilán

Localización

Estrada Vella de Santiago, s/n
27297 Lugo

Contacto

982 297 303
www.lugo.es/ws/cemiterio

Horario

novembro ao 1 de marzo
10:00 a 13:30h e de 15:00 a 18:30h

2 de marzo ao 31 de outubro
10:00 a 13:30h e de 15:30 a 19:00h



Concello de Lugo



Unha andaina ata o cemiterio de San Froilán

Cemiterio de San Froilán



O Cemiterio Municipal de San Froilán forma parte da Ruta de Cemiterios Históricos Europeos, o cal, xunto coa súa localización preto do Camiño Primitivo de Santiago, o converte nun punto clave e estratéxico para a promoción e difusión da cultura funeraria no contorno europeo.

Nos últimos anos véñse realizando unha serie de actividades no Cemiterio cunha clara dirección cara á potenciación do seu interese turístico, á súa integración na vida social e cultural e á súa reivindicación como parte fundamental da memoria histórica da cidade.

Nesta ocasión, propoñemos a realización dunha andaina, dun paseo a pé ata o Cemiterio de San Froilán polo Camiño Primitivo de Santiago, a través do cal poidamos achegarnos ao camposanto desde unha óptica diferente que nos sirva para coñecer e valorar tamén o seu contorno e o seu enclave, ademais do seu aspecto artístico, cultural e mesmo emocional.

A ruta iniciarase na Porta Miñá ou Porta do Carme, preto da Fonte da Pinguela de recente restauración, e desenvolverase ao longo do Camiño Primitivo, pasando pola Ponte Romana e San Lázaro, para chegar finalmente ao cemiterio de San Froilán.

Descrición da actividade

Data _____ Domingo, 3 de novembro
Lugar de saída _____ Porta do Carme
Hora de saída _____ 10:30h
Hora de regreso (autobús urbano) _____ 13:00h
Distancia _____ 4 km, aproximadamente
Duración _____ 2:30h
Dificultade _____ Media
Prazo de inscrición _____ Do 17 de outubro ao 2 de novembro
Número de prazas _____ 30

A participación na actividade é gratuíta.

As persoas participantes irán acompañadas por unha guía que irá proporcionando, ao longo do percorrido da andaina, información e datos de interese sobre os seus puntos máis relevantes.

A actividade vai dirixida a persoas maiores de idade ou menores acompañadas/os con autorización paterna ou materna.

O regreso poderá realizarse no autobús urbano, con saída na parada do cemiterio, ás 13:00h.

A condición física das persoas participantes deberá ser a axeitada de conformidade coa distancia e coas dificultades do percorrido para realizar.

É aconsellable que cada participante vaia provista de calzado cómodo, auga e chaleco reflector.

O equipo de Protección Civil do Concello velará para que a actividade se desenvolva sen incidencias.

Inscrición e reserva

Para participar na actividade, cómpre facer reserva a través do servizo 010 do Concello de Lugo, de forma presencial o a través del teléfono 982 297 350

O prazo de inscrición é o comprendido entre o 17 de outubro e o 2 de novembro

Datos precisos

Nome e apelidos, número de documento de identidade da persoa participante e teléfono de contacto.

Para o caso de menores de 14 anos, deberanse indicar no momento da inscrición os datos da persoa maior de idade que os acompañará.

Esta persoa, o mesmo día da actividade, deberá achegar a oportuna autorización dun dos proxenitores ou titores da/o menor.

